



DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

3.1.- Demografía empresarial

3.2.- Estrutura produtiva

3.3.- Sector exterior

3.1

Demografía empresarial

A análise da demografía empresarial galega, no presente traballo, lévase a cabo a través do estudio dos datos proporcionados por tres fontes diferentes, que conxuntamente posibilitan ter unha visión máis completa e diversa do tecido empresarial galego.

As fontes utilizadas son, en primeiro lugar, os datos proporcionados pola Seguridade Social (S.S.), en concreto os datos de empresas con traballadores inscritas na S.S., obtidos agrupando contas de cotización co mesmo número de identificación fiscal; así como os datos de traballadores autónomos inscritos.

Outra das fontes utilizadas son os datos do Rexistro Mercantil, en concreto o número de sociedades creadas e inscritas no Rexistro Mercantil, entendendo por tales, as sociedades creadas no ano de referencia, independentemente da data na que comezaron a realizar as súas operacións comerciais.

Finalmente, apórtanse tamén datos do Di-

rectorio Central de Empresas (Dirce), directorio que se nutre, a súa vez, de moi diferentes fontes, tributarias, xurídicas ou da S.S, entre outras. A explotación do Dirce lévase a cabo baixo dúas unidades distintas, a empresa e a unidade local; entendendo por empresa a unidade organizativa de produción de bens e servizos, que exerce unha ou máis actividades e un ou varios lugares. A unidade local corresponde a unha empresa ou parte desta, situada nunha localización xeográfica concreta, e dende o que se exercen actividades económicas por conta da mesma empresa.

O dinamismo empresarial presenta unha tendencia dispar. Dunha banda, un ano máis descende o número de sociedades mercantís creadas en Galicia en relación ao ano anterior, presentando unha taxa de variación anual negativa significativamente superior á de 2014 e que se sitúa no -7,1% (medra un 0,5% en España). Doutra banda, por segundo ano consecutivo redúcese o número de sociedades disoltas, sendo esta redución

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2014-2015 ⁽¹⁾

	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia (taxa de variación interanual)	España
2011	84.808	1.292.153	6,6		
2012	81.616	1.248.381	6,5	-3,8	-3,4
2013	80.118	1.246.167	6,4	-1,8	-0,2
2014	80.300	1.255.613	6,4	0,2	0,8
2015	81.054	1.286.565	6,3	0,9	2,5

	2014	2015	15/14 (%)
Galicia	80.300	81.054	0,9
A Coruña	33.205	33.396	0,6
Lugo	11.470	11.687	1,9
Ourense	9.673	9.797	1,3
Pontevedra	29.228	29.525	1,0


(1) empresas con traballadores inscritas o último día de cada período;

unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas inscritas en la Seguridad Social*

3.1.1.

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2015: evolución mensual



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas inscritas en la Seguridad Social*

3.1.2.

do 1,2% (unha caída do 5,3% no conxunto do Estado).

No que respecta ás empresas inscritas na Seguridade Social, tras os descensos do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social dende o comezo da crise económica, en 2015 consolídase o cambio de tendencia iniciado no ano ante-

rior. Neste senso, Galicia conta con 81.054 empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social, un 0,9% máis que no ano anterior, o que representa o 6,3% do total estatal. Por contra, o número de traballadores autónomos, axentes fundamentais na estrutura empresarial galega, rexistra unha caída do 0,6% (fronte ao aumento do 0,7% do número de traballadores autónomos de

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2014-15: distribución sectorial e segundo titularidade

	Galicia			España		
	2014	2015	15/14 (%)	2014	2015	15/14 (%)
Total	80.300	81.054	0,9	1.255.613	1.286.565	2,5
Primario	5.295	5.414	2,2	102.030	109.811	7,6
Industria	7.365	7.338	-0,4	107.195	108.258	1,0
Construción	8.065	7.964	-1,3	105.103	109.011	3,7
Servizos	59.575	60.338	1,3	941.285	959.485	1,9
Total	80.300	81.054	0,9	1.255.613	1.286.565	2,5
Persoa física	32.517	32.816	0,9	475.003	490.948	3,4
Persoa xurídica	47.783	48.238	1,0	780.610	795.617	1,9

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas inscritas en la Seguridad Social*

● 3.1.3.

media no Estado), situándose en 143.289 persoas, o 7,3% do total estatal.

Empresas inscritas na Seguridade Social

O número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia foi de 81.054, a 31 de decembro de 2015. Isto supón un incremento do 0,9% en relación ao ano anterior. A pesar do sinalado aumento, o peso das mesmas no total estatal diminúe unha décima (6,3%) a causa do maior incremento das empresas con traballadores inscritas na S.S de media no Estado (2,5%). Asemade, cómpre resaltar que dende o comezo da crise económica, o número de empresas con traballadores inscritas na S.S. descende en Galicia un 7,3%, case catro puntos máis que en España. En termos absolutos, desde 2008 Galicia perde 6.418 empresas con traballadores inscritas na S.S.

A diferenza do acontecido en 2014, tanto Galicia como España presentan taxas de crecemento positivas do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social ao longo de todo o ano. Como reflicte o **cadro 3.1.2.**, a Comunidade Autónoma rexistra unha evolución positiva aínda que a un menor ritmo que no Estado en todo 2015 agás no mes de xaneiro.

As catro provincias galegas presentan no úl-

timo ano un incremento do número de empresas inscritas, rexistrando Lugo o aumento máis acusado co 1,9% respecto ao mesmo período do ano anterior. Por contra, os menores crecementos corresponderon a A Coruña e Pontevedra, co 0,6% e 1%, respectivamente, situándose na provincia de Ourense no 1,3%. Tras esta evolución, A Coruña segue rexistrando o maior número de empresas con 33.396, o 41,2% do total galego, en tanto que Pontevedra ten 29.525 empresas inscritas, o 36,4%.

A evolución do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social foi desigual a nivel sectorial. Dunha banda, e ao igual que acontecía no ano anterior, o seu número aumenta tan só no sector servizos e nas actividades primarias (1,3% e 2,2%, respectivamente). Doutra, os sectores da construción e da industria rexistran na Comunidade Autónoma unha redución do 1,3% e o 0,4%. A nivel provincial o número de ditas empresas medra nas catro provincias no caso do sector servizos, mentres que no caso da industria este incremento tan só se rexistra en Pontevedra. No conxunto do Estado o número aumenta nos catro sectores, experimentándose o incremento máis importante, ao igual que en Galicia, no sector primario (7,6%).

No que atinxe ao tipo de empresas, do **cadro 3.1.3.** dedúcese que se mantén a

Traballadores autónomos en Galicia e España 2015: principais características (1)

	2015			15/14	
	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia (%)	España (%)
Total	143.289	1.959.613	7,3	-0,6	0,7
sector de actividade					
agricultura	33.924	235.962	14,4	-4,2	-0,8
industria	6.434	88.814	7,2	-0,6	0,4
construción	16.593	208.508	8,0	1,7	2,8
servizos	86.338	1.426.329	6,1	0,5	0,7
situación profesional					
sen asalariados	114.185	1.550.524	7,4	-1,9	0,2
con asalariados	28.104	409.089	6,9	1,2	2,7
sen pluriactividade	137.567	1.866.514	7,4	-0,3	1,0
con pluriactividade	5.722	93.099	6,1	-6,6	-4,6
sexo					
homes	82.403	1.281.043	6,4	0,3	0,5
mulleres	60.886	678.570	9,0	-1,7	1,2
idade					
< 25 anos	1.998	38.455	5,2	-1,9	-2,9
25-39 anos	35.558	541.390	6,6	-2,0	-1,3
40-54 anos	63.317	888.471	7,1	0,2	1,4
55 ou máis anos	42.416	491.297	8,6	-0,5	2,1
nacionalidade					
españóis	139.754	1.791.740	7,8	-0,7	0,1
estranxeiros	3.535	167.873	2,1	4,8	8,0
antigüidade no negocio					
< 6 meses	8.624	155.785	5,5	-8,0	-6,7
6-11 meses	9.404	149.441	6,3	-3,1	-3,4
1-3 anos	23.317	367.303	6,3	10,6	12,3
3-5 anos	13.425	193.045	7,0	7,6	6,1
5 ou máis anos	88.519	1.094.039	8,1	-3,3	-1,9
base de cotización					
mínima	111.974	1.687.958	6,6	-1,3	0,5
entre mínima e 1,5 veces mínima	14.320	95.823	14,9	5,3	10,4
1,5-2 veces mínima	9.434	64.154	14,7	1,3	0,9
2-3 veces mínima	6.817	95.165	7,2	-2,1	-3,9
máis de 3 veces mínima	744	16.513	4,5	-2,0	-4,6

(1) datos a 31 de decembro

(2) aos efectos deste réxime, entenderase por traballador por conta propia ou autónomo aquel que realiza de xeito habitual, persoal e directo unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición por ela a contrato de traballo, aínda que utilice o servizo remunerado doutras persoas, sexa ou non titular da empresa individual ou familiar.

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.1.4.

distribución entre persoas físicas e xurídicas, de xeito que case seis de cada dez empresas corresponden a persoas xurídicas (59,5%) e as restantes catro da cada dez son persoas físicas (40,5%). En España as persoas xurídicas supoñen o 61,8% e as persoas físicas, o 38,2% restante. En relación ao ano anterior, increméntase o número tanto de empresas físicas como xurídicas, con variacións positivas do 0,9% e 1% respectivamente. Un crecemento relativo semellante, que contrasta co acontecido a nivel estatal, onde o incremento das persoas físicas é do 3,4%, e o do número de persoas xurídicas do 1,9% en relación ao ano 2014.

• Perfil do traballador autónomo

Os traballadores integrados no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social constitúen un elemento fundamental do tecido empresarial, tanto en Galicia como no conxunto de España. A 31 de decembro de 2015 había en Galicia un total de 226.600 afiliados por conta propia na Seguridade Social (217.546 no réxime especial de traballadores autónomos), dos que 143.289 persoas son "autónomos propiamente ditos", é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco

Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas en Galicia e España 2015

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sociedades	3.964	1.649	368	391	1.556	94.594
Anónimas	15	2	-	1	12	650
Limitadas	3.947	1.647	366	390	1.544	93.932
Amplían capital	1.520	623	139	180	578	32.370
Anónimas	65	27	7	7	24	2.250
Limitadas	1.455	596	132	173	554	30.110
Disoltas	1.509	589	172	142	606	20.696
Voluntaria	1.165	466	131	106	462	14.562
Por fusión	104	42	11	8	43	1.922
Outras	240	81	30	28	101	4.212

Capital subscrito

(en miles de euros)

Sociedades	368.680	249.159	11.417	20.133	87.971	7.350.715
Anónimas	2.422	120	-	300	2.002	2.309.197
Limitadas	366.167	249.039	11.326	19.833	85.969	5.041.261

Capital desembolsado

(en miles de euros)

Sociedades	368.380	249.159	11.417	20.133	87.716	7.289.667
Anónimas	2.122	75	-	300	1.747	2.248.150
Limitadas	366.167	249.039	11.326	19.833	85.969	5.041.261

Capital desembolsado das que amplían capital

(en miles de euros)

Sociedades	893.099	385.687	50.032	56.130	401.250	34.532.143
Anónimas	277.873	62.502	11.486	3.681	200.204	14.487.661
Limitadas	615.226	323.182	38.546	52.450	201.048	20.023.643

Fonte: INE, *Estadística de Sociedades Mercantiles*

3.1.5.

son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores. A diferenza do acontecido no ano anterior, Galicia presenta en 2015 un descenso do 0,6%, o que contrasta co incremento do 0,7% rexistrado no conxunto de España, polo que o seu peso relativo se reduce ata o 7,3% do total estatal de autónomos propiamente ditos.

En relación á situación profesional dos autónomos, distinguindo entre traballadores autónomos con e sen asalariados, salienta o descenso do 1,9% do número de traballadores sen asalariados, fronte ao incremento do 1,2% dos traballadores con asalariados.

O perfil maioritario destes empresarios autónomos en Galicia segue sendo o dunha persoa que traballa no sector servizos, sen

asalariados ao seu cargo, cunha soa actividade, varón, cunha idade comprendida entre 40 e 54 anos, de nacionalidade española, con cinco ou máis anos no seu negocio, e que cotiza pola base mínima de cotización.

En comparación co perfil medio no conxunto do Estado, salienta tanto a elevada presenza dos autónomos galegos no sector agrícola, que representan o 14,4% do total estatal neste sector, como o maior peso das mulleres (9%) e a presenza de maiores de 55 anos (8,6%). Asemade, cómpre mencionar que aqueles autónomos que teñen unha base de cotización entre a mínima e 1,5 veces a mínima e entre 1,5 e dúas veces, supoñen case o quince por cento do total estatal. Por contra, os autónomos de nacionalidade estranxeira tan só representan o

2,1% dos autónomos estranxeiros en España, e os cotizantes por unha base de cotización de máis de tres veces a base mínima, o 4,5%.

Finalmente, no que respecta á evolución do número de autónomos en función da antigüidade no negocio, salienta a redución do número de traballadores autónomos con negocios de menos de 11 meses ou máis de 5 anos de antigüidade, fronte ao incremento do número de traballadores autónomos con negocios entre 1 e 5 anos de antigüidade.

Dinámica empresarial

O número de sociedades mercantís inscritas no Rexistro Mercantil, independentemente da data na que comezan a realizar as operacións comerciais, volve a descender no último ano ata as 3.964 empresas, o que supón unha caída do 7,1% respecto ao ano anterior. Por contra, no conxunto do Estado o número de sociedades constituídas medra un 0,5%, de xeito que o peso relativo das empresas creadas en Galicia no total estatal cae ata o 4,2%, case un punto inferior á importancia relativa do PIB xerado.

Na provincia de A Coruña constituíronse un total de 1.649 empresas e na de Pontevedra, 1.556 sociedades mercantís, o que supón que case o 81% das sociedades constituídas se concentran nestas dúas provincias. Os datos do Rexistro Mercantil reflicten que todas as provincias galegas presentan un descenso do número de empresas inscritas, rexistrándose en Pontevedra a caída máis acusada con 200 empresas menos que no ano anterior, seguida de Lugo, con 67 sociedades menos que no ano precedente.

Se se considera a relación entre o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes como indicador da taxa de creación de empresas, Galicia creou no último ano 14,5 sociedades por cada dez mil habi-


tantes fronte ás 20,3 no conxunto do Estado.

A devandita rateo descende no último ano nas catro provincias galegas, sendo Pontevedra a que presenta a caída máis intensa. Non obstante, mantense como a provincia coa taxa de creación de empresas máis elevada, con 16,4 sociedades creadas en 2015 por cada 10.000 habitantes fronte ás 18,5 do ano anterior. Lugo sitúase no extremo oposto e, tras unha caída lixeiramente inferior á de Pontevedra, presenta o índice de creación máis reducido, con 10,8 empresas por cada 10.000 habitantes. Na provincia de A Coruña esta taxa descende ata as 14,6 sociedades por cada 10.000 habitantes, e en Ourense ata as 12,3 sociedades.

O capital subscrito polas sociedades mercantís creadas en Galicia situouse no ano 2015 nos 368,7 millóns de euros, dos que máis de dous terzos (249,2 millóns) corresponden a empresas da provincia de A Coruña. En relación ao ano anterior o capital subscrito aumenta case un 55%, polo que dada a lixeira caída experimentada no conxunto do Estado (-0,7%) o seu peso relativo no total estatal pasa do 3% no ano 2014 ao 5% en 2015. Esta evolución explícase fundamentalmente polo comportamento rexistrado en A Coruña, onde o capital subscrito aumenta máis dun 104% en relación ao ano anterior (127,3 millóns de euros), sendo este incremento do 12,7% en Pontevedra (9,9 millóns) e do 1,2% en Ourense (0,2 millóns de euros). Na provincia de Lugo o capital subscrito aumenta en máis dun 38% (7 millóns de euros).

Por outra banda, no ano 2014 o número de empresas que ampliaron capital redúcese novamente tanto en Galicia como en España. Tras unha caída do 10,4% na Comunidade Autónoma (1,3% no conxunto do Estado) no último ano rexistráronse 1.520 ampliacións, o 4,7% do total estatal. A diferenza do acontecido no ano anterior, o capi-

Sociedades mercantís constituídas e disoltas en Galicia e España 2006-15



Fonte: INE, *Estadística de Sociedades Mercantiles*

3.1.6.



tal desembolsado nas ampliacións rexistrou na Comunidade Autónoma unha medra do 13,4%, fronte ao descenso superior ao 19% en España.

A nivel provincial, a pesar do descenso do número de empresas que amplían capital na provincia de Pontevedra, o capital desembolsado nesta provincia aumenta case un 108%, acadando os 401,3 millóns de euros. Por contra, o capital desembolsado descende nas outras tres provincias galegas, salientando Lugo e Ourense, con descensos superiores ao 20%, mentres que en A Coruña esta redución foi do 16%.

No que respecta á desaparición de sociedades, o número de empresas que se disolve-

ron en Galicia descendeu por segundo ano consecutivo dende que comezou a crise económica. Tras unha caída do 1,2%, máis de catro puntos inferior á media española, o número de sociedades mercantís disoltas foi de 1.509, 19 sociedades menos que en 2014, o que representa o 7,3% do total estatal (7% no ano anterior). A diferenza do acontecido no último ano, onde as catro provincias presentan unha redución do número de sociedades disoltas, en 2015 este descenso rexístrase tan só en Pontevedra (18 empresas menos) e A Coruña (11 empresas disoltas menos).

En termos relativos, o número de sociedades mercantís disoltas en Galicia por cada cen constituídas (índice de rotación), des-

Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2009-15 ⁽¹⁾Taxa de creación de empresas ⁽¹⁾Índice de rotación empresarial ⁽²⁾

(1) Taxa de creación de empresas: Sociedades mercantís constituídas por cada 10.000 habitantes

(2) Índice de rotación empresarial: cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constituicións

Fonte: INE, *Estadística de Sociedades Mercantiles*

● 3.1.7.

pois do significativo descenso de 2014, volve a aumentar no último ano para situarse nas 38,1 empresas disoltas por cada cen sociedades constituídas, máis de 16 puntos por riba da media española, que desce ata as 21,9 empresas disoltas por cada cen constituídas. Como reflicte o **cadro 3.1.7.**, este indicador mantense por riba da media española ao longo de toda a serie considerada.

Todas as provincias galegas presentan a mesma tendencia que o conxunto de Galicia, sendo o incremento máis acusado o rexistrado en Lugo. Ao igual que acontece dende o ano 2009, as catro provincias presentan un índice de rotación superior á media española, acadando en Lugo un total de 46,7 sociedades disoltas por cada cen

constituídas, fronte ás 38,9 de Pontevedra e as 36,7 e 35,7 sociedades en Ourense e A Coruña, respectivamente.


No que atinxe ao número de empresas en concurso de acredores, entendidas como debedoras concursais que exercen unha actividade empresarial, para distinguilas das persoas físicas concursadas que non exercen actividade empresarial (28 en Galicia en 2015, tres máis que no ano anterior) no último ano confírmase a ruptura da tendencia crecente iniciada en 2004, ano en que entrou en vigor a L.O. 8/2003, para a reforma concursal e a Lei 22/2003, concursal. O número total de empresas concursadas desce en Galicia ata as 298, un terzo menos que no ano anterior, situándose esta porcentaxe no 25% no conxunto do Estado.

Empresas concursadas en Galicia e España 2014-15: distribución segundo actividade económica principal ⁽¹⁾

	Galicia		España	
	2014	2015	2014	2015
Total	447	298	6.564	4.916
Agricultura e pesca	10	7	57	71
Industria e enerxía	80	40	1.023	626
Bens intermedios	26	11	365	214
Bens de capital	29	8	241	137
Bens de consumo	8	2	90	49
Bens de consumo non duradeiro	16	18	263	185
Enerxía	1	1	64	41
Construción	115	72	1.511	992
Edificios e promoción inmobiliaria	73	51	1.024	697
Resto	42	21	487	295
Servizos	203	154	3.406	2.744
Comercio maiorista	75	59	1.115	946
Comercio polo miúdo e vehículos	5	6	157	108
Transporte e almacenamento	25	18	253	164
Hostelería	15	18	369	293
Información e comunicacións	9	3	210	176
Inmobiliarias, financeiras e seguros	8	5	253	169
Actividades profesionais e técnicas	29	19	425	376
Actividades administrativas e servizos auxiliares	14	15	284	213
Resto de servizos	23	11	340	299
Sen clasificar	39	25	567	483

(1) actividade económica principal segundo a CNAE-09; os datos 2015 son provisionais
 Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

● 3.1.8.



Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

● 3.1.9.

Empresas en Galicia e España 2015 (1): distribución segundo grandes ramas de actividade

	2015		Galicia / España (%)	15 / 08		15 / 14		Índice de especialización (3)
	Galicia	España		Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total	195.595	3.186.878	6,1	-7.779	-235.361	3.850	67.568	1,00
Industria e enerxía	12.548	198.004	6,3	-2.805	-48.447	-128	-2.831	1,03
Industria extractiva	297	2.416	12,3	-110	-558	-13	-65	2,00
Industria manufacturera	11.529	174.333	6,6	-2.779	-54.889	-108	-2.393	1,08
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	468	14.551	3,2	94	5.863	-5	-275	0,52
Fornecemento de auga, activ. saneamento, xestión de residuos e descontaminación	254	6.704	3,8	-10	1.137	-2	-98	0,62
Construción	29.742	405.849	7,3	-7.965	-216.247	267	-2.240	1,19
Servizos	153.305	2.583.025	5,9	2.991	29.333	3.101	60.731	0,97
Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	49.775	763.930	6,5	-4.215	-57.145	233	5.447	1,06
Transporte e almacenamento	11.987	194.201	6,2	-2.140	-45.125	-67	-2.627	1,01
Hostalería	19.640	276.412	7,1	-1.797	-12.806	-216	-262	1,16
Información e comunicacións	2.148	58.858	3,6	418	10.040	125	2.758	0,59
Actividades financeiras e de seguros	4.849	71.672	6,8	343	4.559	97	1.998	1,10
Actividades inmobiliarias	5.716	148.826	3,8	2.211	31.199	617	11.581	0,63
Actividades profesionais, científicas e técnicas	19.256	370.106	5,2	-1.054	-35.135	432	11.882	0,85
Actividades administrativas e servizos auxiliares	9.858	194.276	5,1	3.980	57.209	0	0	0,83
Educación	5.984	92.689	6,5	1.901	24.119	612	7.772	1,05
Actividades sanitarias e de servizos sociais	7.297	148.692	4,9	961	24.250	320	6.556	0,80
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	5.102	83.635	6,1	1.204	13.084	400	5.448	0,99
Outros servizos	11.693	179.728	6,5	1.179	15.084	548	10.178	1,06

(1) datos a 1 de xaneiro

(2) Esta estatística considera como empresas as organizacións sometidas a unha autoridade rectora, que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa.

(3) o índice de especialización calcúlase dividindo o peso de cada sector no conxunto da economía rexional entre o peso do mesmo sector nunha economía ou espazo de referencia (neste caso, España); se é maior que 1 indica que a rexión está (relativamente) especializada nese sector concreto e se é menor que 1 estaría "desespecializada".
Fonte: INE, DIRCE

3.1.10.

O 81,5% das empresas concursadas en Galicia son sociedades de responsabilidade limitada (243 empresas), seguidas a moita distancia polas sociedades anónimas e as persoas físicas cun peso relativo lixeiramente superior ao 8% (25 e 24 empresas, respectivamente).

Os catro grandes sectores produtivos presentan en Galicia un descenso do número de empresas concursadas, a diferenza do que acontece no conxunto do Estado onde aumenta no caso do sector primario. Tal e como reflicte o **cadro 3.1.8.**, no ano 2015 un total de 154 empresas concursadas pertencen ao sector servizos (49 menos que no ano anterior), por diante da construción, con 72 empresas (43 menos), e a industria, con 40 empresas (40 menos que en 2014). Ao igual que acontecía no ano anterior, as tres

ramas de actividade económica con maior número de empresas concursadas son as de comercio por xunto, con 59 empresas concursadas (16 menos que en 2014), a construción de edificios e promoción inmobiliaria, con 51 (22 menos) e o resto da construción, con 21 (21 menos que no ano anterior).

No que respecta ao tamaño das empresas concursadas segundo o número de asalariados, un 22,1% das empresas tiñan un ou dous traballadores (66 empresas), en tanto que o 17,4% (52 empresas) tiñan entre tres e cinco asalariados. Asemade, cómpre mencionar que o número de empresas en concurso de máis de 50 traballadores ascende a 11, o 3,7% do total en Galicia.

Tomando como referencia a explotación estatística do Directorio Central de Empresas

Empresas en Galicia e España 2015 ⁽¹⁾: distribución segundo número de asalariados

	Galicia					España
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
Total empresas	195.595	81.432	24.087	22.991	67.085	3.186.878
sen asalariados	104.603	44.887	12.536	12.331	34.849	1.754.002
de 1 a 2 asalariados	59.539	23.858	7.541	7.214	20.926	899.802
de 3 a 5 asalariados	17.978	7.098	2.458	2.057	6.365	287.430
de 6 a 9 asalariados	6.498	2.607	826	713	2.352	112.527
de 10 a 19 asalariados	3.808	1.595	431	362	1.420	71.518
de 20 a 49 asalariados	2.133	895	213	218	807	39.101
de 50 a 99 asalariados	588	244	58	61	225	11.503
de 100 a 199 asalariados	256	137	14	18	87	5.928
de 200 a 499 asalariados	130	70	8	12	40	3.340
de 500 a 999 asalariados	22	14	1	1	6	937
de 1.000 a 4.999 asalariados	34	24	-	4	6	683
de 5.000 ou máis asalariados	6	3	1	-	2	107

(1) datos a 1 de xaneiro
Fonte: INE, DIRCE

3.1.11.

(Dirce) elaborado polo INE, o **cadro 3.1.10.** mostra as empresas existentes en Galicia a comezos do ano 2015 (último dato dispoñible). No último ano ráchase a tendencia descendente do número de empresas existentes en Galicia dende que comezou a crise, situándose a un de xaneiro de 2015 nas 195.595 empresas (3.850 máis que na mesma data do ano anterior), mantendo o seu peso relativo no total estatal no 6,1%. Das sinaladas 195.595 empresas existentes en Galicia, segundo o Dirce, 104.603 son sen asalariados. O devandito incremento ven explicado fundamentalmente pola evolución do número de empresas no sector servizos onde todas as ramas de actividade, agás as de transporte e hostalería, presentan un maior número de empresas, rexistrándose tamén unha medra en relación á mesma data do ano anterior no sector da construción.

O 78,4% das empresas existentes pertencen ao sector servizos, onde salientan, por número de empresas, as actividades de "Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas", con case 49.800 empresas, seguidas das actividades de "Hostalería", con 19.640 empresas, e as "Actividades profesionais, científicas e técnicas", con 19.256. O sector

da construción acolle ao 15,2% das empresas galegas (29.7425 empresas) e a industria e enerxía, o restante 6,4% (12.548 empresas).

A distribución das empresas segundo o seu número de asalariados (**cadro 3.1.11.**) reflicte o reducido tamaño das mesmas, de xeito que o 53,5% das empresas galegas rexistradas polo Dirce non teñen asalariados, punto e medio menos que no total estatal, e que o 43% teñen menos de 10 asalariados, 2,2 puntos porcentuais por riba do rexistrado en España. Ao igual que no ano anterior, só un 3,6% das empresas galegas teñen 10 ou máis asalariados, sendo esta porcentaxe do 4,2% no conxunto do Estado.

Outro indicador que permite caracterizar a estrutura produtiva de Galicia en relación á media estatal é o **índice de especialización relativa** (IER), que mostra a participación dun determinado sector ou actividade en Galicia con relación á participación desta actividade no total estatal. Atendendo ao número de empresas reflectido no Dirce, as ramas de actividade co índice de especialización relativa máis elevado seguen sendo, **cadro 3.1.12.**, as de "Fabricación doutro material de transporte", e

Empresas en Galicia e España 2015⁽¹⁾: principais ramas de actividade segundo o seu índice de especialización relativa

	Galicia	España	Galicia / España (%)	Índice especialización Galicia
Total	195.595	3.186.878	6,1	1,00
1 Fabricación doutro material de transporte	128	766	16,5	2,72
2 Outras industrias extractivas	284	2.168	13,2	2,13
3 Coquerías e refino de petróleo	2	19	9,1	1,72
4 Industria da madeira e cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	1.044	10.599	9,8	1,60
5 Fabricación de bebidas	501	5.102	9,7	1,60
6 Confección de prendas de vestir	839	8.667	10,0	1,58
7 Extracción de minerais metálicos	7	73	10,9	1,56
8 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	813	8.968	9,0	1,48
9 Actividades postais e de correos	659	7.325	9,2	1,47
10 Actividades veterinarias	788	9.309	8,6	1,38
11 Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos	27	321	8,7	1,37
12 Transporte marítimo e por vías navegables interiores	40	506	7,2	1,29
13 Industria da alimentación	1.789	23.083	7,7	1,26
14 Construción de edificios	16.713	223.476	7,3	1,22
15 Actividades de construción especializada	12.213	168.639	7,3	1,18
16 Servizos de comidas e bebidas	18.221	252.354	7,3	1,18
17 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	2.194	30.445	7,0	1,17
18 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	4.996	71.196	7,1	1,14
19 Industria téxtil	425	6.074	7,3	1,14
20 Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	4.733	68.230	7,0	1,13
21 Fabricación de mobles	885	12.775	6,8	1,13
22 Actividades de xogos de azar e apostas	934	13.507	6,6	1,13
23 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	730	10.862	6,6	1,10
24 Outros servizos persoais	7.502	111.689	6,8	1,09
25 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	349	5.297	6,6	1,07

(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: INE, *Directorio central de empresas*

3.1.12.

“Outras industrias extractivas”, que presentan un índice de especialización superior a 2 (2,72 e 2,13, respectivamente).

Finalmente, cabe mencionar dous estudos que nos permiten medir a facilidade para facer negocios e a taxa de actividade emprendedora. Dunha banda, o Banco Mundial no seu informe *Doing Business*, que na súa edición de 2015 recolle datos de CC.AA., compara as regulacións que afectan a cinco etapas do ciclo de vida dunha pequena e mediana empresa local: apertura dunha empresa; obtención de permisos de construción; obtención de electricidade; rexistro de propiedades e comercio transfronteirizo. Segundo este informe Galicia –analizouse a cidade de Vigo por ser a máis poboada– é a Comunidade onde é máis difícil facer negocios, obtendo o peor resultado no caso da obtención de permisos de construción (neste caso está entre o peor 25% das economías do mundo analizadas) e do rexistro de propiedades, ocupando o 16 lugar no que

á apertura dunha empresa se refire tras Melilla, Ceuta e Navarra, e o 13 na obtención de electricidade tras Murcia, Aragón, Melilla, Canarias e Ceuta.

Doutra banda, segundo datos do *Global Entrepreneurship Monitor 2015*, a taxa de actividade emprendedora en España para ese ano aumenta con respecto ao ano anterior e se sitúa no 5,7%. Por Comunidades Autónomas, o índice TEA oscilou entre 2,2 e 8,8%, coas Illas Baleares e Castela–A Mancha á cabeza e Ceuta, País Vasco e Asturias á cola. Galicia sitúase aproximadamente na media estatal.

Empresas de economía social

Por economía social enténdese aquel conxunto das actividades económicas e empresariais, que no ámbito privado levan a cabo aquelas entidades que, de conformidade cos principios recollidos na Lei 5/2011, de 29 de marzo, perseguen ben o interese colectivo

Sociedades cooperativas e laborais existentes en Galicia e España 2014-15 ⁽¹⁾

	2014			2015		
	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia	España	Galicia / España (%)
Sociedades cooperativas						
Sociedades	896	20.258	4,4	923	20.384	4,5
Traballadores (2)	9.006	292.394	3,1	9.282	301.867	3,1
Sociedades laborais						
Sociedades	582	10.828	5,4	539	10.313	5,2
Traballadores	2.722	63.536	4,3	2.722	64.484	4,2

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) o número de traballadores refírese aos centros de cotización

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

● 3.1.13.

dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos. Engloba, entre outras, ás cooperativas, mutualidades, fundacións e asociacións que leven a cabo actividade económica, sociedades laborais, empresas de inserción, centros especiais de emprego, confrarías de pescadores, sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos na devandita lei. Este marco normativo complétase no último ano coa Lei 31/2015, de 9 de setembro, pola que se modifica e actualiza a normativa en materia de autoemprego e se adoptan medidas de fomento e promoción do traballo autónomo e da Economía Social.

A diferenza do acontecido en 2014, no último ano rexístrase un incremento tanto do número de cooperativas activas ou en funcionamento como dos seus socios iniciais. A 31 de decembro de 2015, o número de sociedades situouse nas 923 (27 máis que na mesma data do ano precedente) e o de socios iniciais, en 9.282 (276 persoas máis que en 2014).

A nivel estatal, continúa a elevada concentración das sociedades cooperativas en Cataluña e Andalucía, que en conxunto agrupan o 40,2% das cooperativas españolas e case o 33% dos traballadores. Por volume de traballadores, cabe salientar o caso do País Vasco, onde con só o 7,6% das coo-

operativas existentes no conxunto do Estado, acolle máis do 18% do total de traballadores deste tipo de sociedades, situándose como a segunda Comunidade Autónoma con maior número de socios tras Andalucía.

En relación ao conxunto do Estado, Galicia acolle o 4,5% das sociedades cooperativas e o 3,1% dos traballadores neste tipo de empresas.

Ao longo do ano 2015 constituíronse en Galicia un total de 65 sociedades cooperativas, cun total de 298 socios iniciais, o que representou o 4,8% do total de cooperativas constituídas en España e o 3,5% dos socios. A diferenza do ano anterior, baixa o número de cooperativas constituídas (4) e o número de cooperativistas das mesmas (203).

O maior número de cooperativas inscritas pertence á categoría de traballo asociado, con 53 sociedades, por diante das catro cooperativas agrarias, que rexistran 24 socios iniciais, e das cooperativas de vivenda, que rexistran 23 socias iniciais. No ámbito das cooperativas de traballo asociado constituídas en Galicia no último ano, 36 pertencen ao sector servizos, 9 á industria, 9 ao sector primario e 5 ao sector da construción.

No concernente ao número de sociedades laborais, no ano 2015 mantense a tendencia descendente de anos anteriores tanto en

Sociedades laborales rexistradas en Galicia e España 2014-15: distribución sectorial

	Galicia				España			
	2014 sociedades	socios	2015 sociedades	socios	2014 sociedades	socios	2015 sociedades	socios
Total	42	146	35	134	770	2.860	515	1.917
Agrario	1	3	1	3	12	41	5	20
Non agrario	41	143	34	131	758	2.819	510	1.897
Industria	12	47	3	12	128	522	61	298
Construción	4	15	5	22	78	299	50	174
Servizos	25	81	26	97	552	1.998	399	1.425

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

● **3.1.14.**

Traballadores da economía social en Galicia e España 2015 ⁽¹⁾: principais características

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	(%)					
sexo						
varóns	58,7	57,0	59,3	59,5	59,5	54,5
mulleres	41,3	43,0	40,7	40,5	40,5	45,5
idade						
menores de 25 anos	3,5	2,8	4,5	3,5	3,8	5,2
de 25 a 39 anos	38,1	36,9	43,5	35,0	38,8	38,7
de 40 a 54 anos	42,4	41,9	40,7	44,3	42,4	42,6
de 55 anos ou máis	15,9	18,5	11,2	17,2	15,0	13,4
nacionalidade						
española	97,2	98,3	95,5	97,1	97,1	90,8
estranxeira	2,8	1,7	4,5	2,9	2,9	9,2
tipo de relación						
indefinida	79,8	76,7	86,6	81,0	78,5	75,3
temporal	20,2	23,3	13,4	19,0	21,5	24,7
tipo de xornada						
tempo completo	83,0	78,8	88,0	88,7	80,2	80,2
tempo parcial	17,0	21,2	12,0	11,3	19,8	19,8
antigüidade no negocio						
ata 6 meses	15,9	18,6	10,8	12,3	17,5	34,9
de 6 meses a 1 ano	7,8	8,6	6,3	5,7	9,0	7,2
de 1 a 3 anos	18,3	18,7	22,0	15,3	18,1	14,5
de 3 a 5 anos	13,6	13,9	14,2	8,8	16,0	11,9
máis de 5 anos	44,3	40,2	46,7	57,9	39,4	31,5
tamaño da sociedade						
0-5 traballadores	20,9	22,0	25,5	16,0	20,8	
6-10 traballadores	14,2	18,1	13,1	6,9	15,0	
11-25 traballadores	15,0	20,4	12,7	12,7	11,9	
26-50 traballadores	13,9	14,4	10,4	10,2	17,2	
51-100 traballadores	11,6	9,9	6,9	10,2	16,1	
101-250 traballadores	10,2	8,1	18,1	2,7	13,4	
máis de 250 traballadores	14,1	7,0	13,3	41,2	5,7	
sector de actividade						
agricultura	7,9	5,7	12,3	17,1	1,1	
industria	32,8	22,8	37,4	39,7	35,3	
construción	8,0	7,9	4,7	9,7	8,5	
servizos	51,3	63,6	45,5	33,4	55,1	

(1) traballadores en situación de alta na Seguridade Social a 31 de decembro

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

● **3.1.15.**

Galicia como en España, sendo novamente máis acusada a caída na Comunidade Autónoma. Tras un descenso do 7,4% en relación ao ano anterior, o número de sociedades laborais (SA e SL) sitúase a 31 de decembro en Galicia 539 fronte ás 10.313 sociedades do conxunto do Estado, o que representa o 5,2% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 2.722 socios iniciais, o que representa o 4,2% dos socios no conxunto do Estado (64.484 socios iniciais) (**cadro 3.1.13.**).

No ano 2015 volve a reducirse o número de sociedades laborais rexistradas e o número de socios iniciais. Nese ano rexistráronse en Galicia un total de 35 sociedades laborais (42 en 2014), que agruparon a 134 socios (12 menos). Do mesmo xeito que acontece en Galicia, no conxunto do Estado descende tanto o número de sociedades laborais como o de socios das mesmas, acollendo Galicia o 6,8% do total estatal de sociedades laborais rexistradas e o 7% dos socios iniciais.

O sector servizos acolle case o 75% das sociedades laborais rexistradas en Galicia (26 sociedades) e o 72,4% dos socios (97 socios iniciais). No ano 2015, rexístranse catro sociedades laborais industriais menos, unha máis na construción e unha máis no sector servizos.

Finalmente, no concernente ás características dos traballadores da economía social en situación de alta laboral na Seguridade Social, **cadro 3.1.15.**, 59 de cada 100 persoas que traballan en Galicia nestas sociedades son homes; o 42% teñen unha idade comprendida entre 40 e 54 anos, e 38%, entre 25 e 39 anos; e 83 de cada 100 traballadores realiza a súa actividade a tempo completo.

Asemade, pódese destacar que o 44% dos traballadores da economía social en Galicia

–excluídos os autónomos– mantén unha antigüidade no negocio superior a cinco anos (31,5% de media no conxunto do Estado) e que un 15,9% dos traballadores mantén unha antigüidade inferior a seis meses (34,9% de media estatal).

O tamaño das sociedades de economía social galegas é reducido, de xeito que no 35,1% das sociedades traballan menos de 10 persoas (esta porcentaxe ascende ao 40,1% na provincia de A Coruña), e no 24,3% das mesmas hai máis de cen traballadores (43,9% en Ourense).

O 51,3% do emprego total da economía social corresponde ao sector servizos, seguido da industria, con case 33 de cada 100 traballadores, e da construción e da agricultura, co 8%. 

